



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Xuventude e
Solidariedade



PROGRAMA SECTORIAL LEONARDO DA VINCI

PROYECTOS EVERGREEN – IWE - NEA

PRESENTACIÓN

A Dirección Xeral de Xuventude, a través do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos como entidade cofinanciadora e a Asociación Cultural Inglicia como entidade coordinadora poñen en marcha 3 proxectos de mobilidade para mozos e mozas de Galiza denominados EVERGREEN, IWE e NEA, no marco do Programa de Aprendizaxe Permanente 2007-2013.

Finalidade da bolsa

As bolsas pretenden contribuír á formación dos mozos e mozas traballadores e titulados recentes de Galiza nun contexto europeo, axudando á realización de prácticas en empresas doutros países mediante o financiamento de estadias de 12 (doce) semanas de duración. De igual xeito, preténdese favorecer o fortalecemento empresarial da rexión e a consolidación da rede de relacións con empresas europeas.

O Proxecto EVERGREEN

O proxecto aborda directamente as necesidades formativas das persoas participantes ao mellorar as súas competencias profesionais co fin de mellorar as súas expectativas de emprego **no sector do TURISMO**. Aborda as necesidades relacionadas coa mobilidade europea, a aprendizaxe e capacitación profesional en empresas, a aprendizaxe de idiomas nun ámbito empresarial, a adquisición de autonomía persoal (viaxar, tomar decisións, defenderse ante a adversidade, relacionarse coas institucións, etc.) e a mellora da capacidade de traballo con persoas de distintos ámbitos culturais.

País	Numero bolsas
ALEMAÑA	3
ITALIA	3
REP. CHECA	3
PORTUGAL	3

O Proxecto IWE

O proxecto aborda directamente as necesidades formativas das persoas participantes ao mellorar as súas competencias profesionais co fin de mellorar as súas expectativas de emprego ***no sector da internacionalización da empresa***. Aborda as necesidades relacionadas coa mobilidade europea, a aprendizaxe e capacitación profesional en empresas, a aprendizaxe de idiomas nun ámbito empresarial, a adquisición de autonomía persoal (viaxar, tomar decisións, defenderse ante a adversidade, relacionarse coas institucións, etc.) e a mellora da capacidade de traballo con persoas de distintos ámbitos culturais.

País	Numero bolsas
ALEMAÑA	3
ITALIA	4
REPUBLICA CHECA	1

O Proxecto NEA

O proxecto aborda directamente as necesidades formativas das persoas participantes ao mellorar as súas competencias profesionais co fin de mellorar as súas expectativas de emprego ***no sector das enerxías renovables***. Aborda as necesidades relacionadas coa mobilidade europea, a aprendizaxe e capacitación profesional en empresas, a aprendizaxe de idiomas nun ámbito empresarial, a adquisición de autonomía persoal (viaxar, tomar decisións, defenderse ante a adversidade, relacionarse coas institucións, etc.) e a mellora da capacidade de traballo con persoas de distintos ámbitos culturais.

País	Numero bolsas
ALEMAÑA	6
ITALIA	4
PORTUGAL	5

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

1. -Admisión de solicitudes: ate o 15/04/2009 (*)

2. -Preselección/Selección: (**)

> Preselección/probas de idiomas: do 18/04/2009 ao 22/04/2009

> Selección/xornadas formativas: días 04 e 05/05/2009

3. -Estadía formativa: do 18/05/2009 ao 12/08/2009

(*) AS SOLICITUDES DEBERÁN SER ENVIADAS NAS DATAS INDICADAS. CALQUERA SOLICITUDE ENTREGADA FÓRA DELAS NON SERÁ ADMITIDA PARA ESTA FASE.

(**)Estas datas son orientativas e, polo tanto, susceptible de modificarse, por motivos alleos á vontade das partes e polo mellor desenvolvemento do proxecto.

Os días exactos así como os lugares onde se celebrarán as probas de idioma e as xornadas de selección serán confirmados a través de comunicación persoal e nas páxinas web da Dirección Xeral de Xuventude (www.xuventude.net) e da Asociación Cultural Ingálicia (www.ingalicia.org).

CARACTERÍSTICAS DA BOLSA

- **DESTINOS:** Cada participante poderá solicitar máis dun destino de preferencia (ALEMAÑA, ITALIA, REPUBLICA CHECA, PORTUGAL), tendo en conta que deberá examinarse en todos os idiomas dos países elixidos (para Republica Ceca o idioma será o Inglés, para Alemaña Alemán e/o Ingles). En calquera caso o candidato ha de lembrar que se terá en conta o país de destino elixido como primeira opción, mentres que para o país elixido como segunda opción se respectarán primeiro as preferencias das persoas participantes que o elixisen como primeira opción. Exemplo: Se o solicitante elixe por orde de preferencia Italia, Republica Checa e Alemaña haberá de examinarse de Italiano, Inglés e Alemán respectivamente no mesmo día (ou segundo se determine na convocatoria de idiomas), polo que poderá ser seleccionado para calquera dos destinos.

- 2. -Características da estadía:

Duración da estadía: 12 semanas:

2 semanas de curso de adaptación á lingua do país de destino (segundo o nivel de coñecemento do idioma).

10 semanas de prácticas en empresas.

Contidos da bolsa:

Desprazamento: gastos de viaxe de ida e volta á cidade de destino, ate un maximo de 200 euros. O ente coordinador, ademais de aceptar as reservas feitas de xeito individual, ocuparase de encontrar a forma máis económica para viaxar ao país de destino, así como o establece o OAPEE.

Aloxamento: O/A participante terá cuberto o seu aloxamento durante as 12 semanas;

Manutención: O/A participante recibirá un diñeiro de peto durante a súa estadía como axuda á súa manutención e outros gastos que poidan xurdir no desenvolvemento das prácticas, como por exemplo material necesario e específico para o desenvolvemento da práctica ou a estadía. La manutención será de 285 euros.

Curso de lingua: É un curso de adaptación á lingua do país de destino de 2 semanas de duración de luns a venres, de 4 horas diarias de duración.

Programa formativo: Proporase un programa formativo durante as 2 primeiras semanas, para obter un coñecemento do ámbito, visitas culturais e encontros con xente moza da cidade, etc.

Prácticas en empresas: 10 semanas de prácticas non remuneradas en empresas.

Seguimento durante toda a estadía: O/A participante terá unha tutorización por parte do socio de acollida e do ente coordinador durante toda a estadía.

Seguro privado de accidente, repatriación e responsabilidade civil a terceiros.

O importe da estadía non se executará en metálico para o/a participante, senón que a entidade coordinadora llelo aboará directamente aos provedores de servizos, compañía de seguros, axencia de viaxes e socio de acollida no país de destino.

REQUISITOS

Os requisitos para participar á convocatoria son os seguintes:

-Persoas no mercado de traballo, estudantes e/ou titulados recentes cuyo perfil académico e/ou profesional teñan que ver con os obxetivos de un dos proxectos.

- Ser cidadán/á dun país da Unión Europea;

- Ter cumpridos os 18 anos de idade e non superar os 30 anos;
- Ter un nivel medio de coñecementos do idioma do país de destino elixido para a mobilidade;

SELECCIÓN

PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

ate o 15 de Abril do 2009

1. – As persoas candidatas deberán facer chegar á Asociación Cultural Ing Galicia a seguinte documentación, de forma presencial o por correo ordinario (Asociación Cultural Ing Galicia, C/Arcadio Vilela Garate N 2 baixo D – 15011, A Coruña):

- Formulario de solicitude con fotografía;
- Curriculum vitae en galego ou castelán e no idioma ou idiomas dos países aos que se opta por orde de preferencia (estes documentos estarán dispoñibles na páxina web da Asociación Cultural Ing Galicia: www.ingalicia.org e na da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade: www.xuventude.net). Se no Curriculum se mencionan outros títulos conseguidos útiles para a selección (certificados de lingua, cursos de informática e formación complementaria) é aconsellable enviar os documentos acreditativos.
- 4 fotos tamaño carné
- Copia do DNI
- Copia da Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro privado que cubra a estadía no estranxeiro.
- Ficha técnica do candidato.

Documentos que tamén hai que enviar ao c-electrónico leonardo@ingalicia.org

- > Solicitude do candidato
- > Formularios Ing Galicia
- > CV Europeo en galego ou castelán e no idioma dos países solicitados.

Todas aquelas solicitudes recibidas fora de prazo non serán incluídas no proceso de preselección e selección.

2. - Os/As participantes admitidos terán que superar unha proba de idioma do país/países de destino, e unha vez superada a devandita proba, terán unha entrevista persoal.

3.- A data e hora da realización das probas lingüísticas así como a lista dos admitidos á devandita proba e a data e a hora da entrevista persoal serán publicadas na páxinas web da Asociación Cultural Ing Galicia e na da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Aconséllase, polo tanto, visitar de forma continua as páxinas web www.ingalicia.org, e www.xuventude.net

4. - A lista de persoas seleccionadas e suplentes por destino serán publicadas nas citadas páxinas web.

Dereitos e obrigas das persoas participantes:

1.- Os proxectos de mobilidades, promovidos pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e coordinado pola Asociación Cultural Ing Galicia cobren os seguintes gastos: un billete de ida e volta no medio de transporte e data que a entidade coordinadora propoña até un máximo de 200 euros, seguro, curso de idioma e programa formativo e un importe como axuda destinado á manutención e calquera outro gasto que poida xurdir durante o desenvolvemento da estada.

2.- O aloxamento nos diferentes países será xestionado polo socio de acollida correspondente, situado ao longo de toda a área metropolitana das diferentes cidades.

3.- As persoas seleccionadas estarán obrigados a respectar todas as datas propostas pola entidade coordinadora Ing Galicia. Estarán obrigados a revisar os seus c-electrónicos persoais posto que toda a información sobre o desenvolvemento do programa se notificará vía c-electrónico (non nos facemos responsables de correos electrónicos non recibidos debido a que existen multitude de razóns que poden impedir o recibo do correo e que escapan á nosa competencia, ex.: spam, problemas servidor, caixa de correo de entrada chea, etc., sendo obriga do/a participante comprobar que está a recibir os c-electrónicos e no caso de non ser así contactar con Ing Galicia).

4.- As persoas seleccionadas estarán obrigadas a cumprir e asinar toda a documentación establecida pola entidade beneficiaria así como polo Programa Leonardo, aceptando todos os seus termos con anterioridade ao inicio da bolsa.

5. - As persoas seleccionadas aceptarán a preparación lingüística e as prácticas propostas e deberanas realizar na súa totalidade; en ningún caso os seleccionados disporán dunha listaxe de empresas en prácticas para elixir unha delas, senón que serán asignadas no país de destino atendendo ao seu nivel de lingua e formación.

6. -No caso de que a persoa seleccionada aceptase a bolsa e posteriormente a isto renuncie a ela deberallo notificar á entidade beneficiaria inmediatamente.

No caso de que a renuncia á bolsa sexa por causas xustificadas, o/a participante non deberá aboar cantidade ningunha; enténdese por causa xustificada:

- accidente ou enfermidade grave do/a participante,
- morte dun familiar directo
- oferta de emprego probada (debe achegar copia do contrato de traballo),

Se pola contra a renuncia se produce por causas diferentes ás especificadas con anterioridade, o/a participante deberá aboar ao coordinador do proxecto -Asociación Cultural Ing Galicia- a cantidade correspondente aos gastos que ocasionase ata a data de renuncia. Se a persoa participante non cumpre ningún destes requisitos para causar baixa xustificada, deberá reembolsar á entidade coordinadora Ing Galicia, as cantidades que á data da baixa incorren.

7. - As persoas seleccionadas estarán obrigadas a xustificar:

- O gasto da estadia, como o billete de avión ou tarxetas de embarque, billetes de tren etc.
- Todos aqueles documentos obrigatorios como cuestionarios de seguimento, cuestionario Leopass, informe final persoal, e todos os que se requiran, sempre debidamente cubertos e asinados.

8. – Os/As participantes están obrigados á devolución íntegra da totalidade da bolsa nos seguintes casos:

- En caso de obter a bolsa mediante falsificación das condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- En caso de incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade do proxecto ou da non-adopción do comportamento axeitado e acorde cos seus obxectivos.
- En caso de incumprimento dalgúns dos puntos incluídos neste documento.